

SECCIÓN DE SERVICIOS
INFORME TÉCNICO DE NECESIDAD

Asunto: Informe Técnico Necesidade Obra "Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio", Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

AGADER, nº expediente: PM2019-222

Expediente: 2019/C003/000008

Antecedentes:

1. Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020. (DOG 30/01/2019).
2. Resolución de data de rexistro de entrada 23 de maio de 2019 e número 0/3306 pola que notificase ó concello de Cambre, a concesión da axuda por importe de 38.807,00€ (porcentaxe de subvención do 93,48 %) ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

Informe:

Polo Concello de Cambre redactouse o proxecto denominado "Mellora do camiño municipal 0091 O Pastel, Pravio" en base a resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020. (DOG 30/01/2019). O Orzamento de Execución Material é de trinta e catro mil cincocentos cincuenta e dous euros con setenta e dous céntimos (34.552,72 €), o que supón un Presuposto de Execución por Contrata, IVE engadido de corenta e noves mil setecentos cincuenta e dous euros con corenta e cinco céntimos (49.752,45 €). O proxecto foi redactado polo enxeñeiro de camiños municipal que suscribe o presente informe, Oscar Souto Muíño. O prazo estimado para a súa execución é de seis (6) meses. As obras consisten esencialmente na, renovación do firme, sendo as principais unidades de obra a limpeza de gavias, o lavado do firme, a extensión de aglomerado sobre o firme existente, recrecido de pozos e sinalización horizontal.

Segundo a Resolución de concesión da subvención de data de rexistro de entrada 23 de maio de 2019 e número 0/3306, o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á **anualidade 2019 será o 16 de setembro de 2019 (>50%)**. Sendo o prazo final de xustificación 01 de xuño de 2020.

Nomenclaturas CPA e CPV

A Nomenclatura CPA-2008, segundo o Regulamento (CE) Número 451/2008 do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de abril de 2008 polo que se establece unha nova clasificación estatística de produtos por actividades (CPA) e derrógase o Regulamento (CEE) número 3696/93 do Consello, é a seguinte:

- 42.11.20 Traballos de construción de autopistas, estradas, rúas e outras calzadas para vehículos ou peóns, e de pistas de aeroportos

Segundo o Regulamento (CE) Número 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Número 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV, a obra obxecto de licitación ten como Vocabulario común de contratos, o seguinte:

- 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado

Medios pessoais e materiais:

Para a correcta execución das obras considerase necesario adscribir a ésta como mínimo os seguintes medios:

Medios pessoais:

- 1 Capataz
- 1 Oficial de primeira
- 2 Peóns

Maquinaria (1 Ud de cada):

- Desbrozadora
- Cisterna auga
- Barredora
- Compactador

Equipos:

- 1 Equipo de aglomerado completo
- 1 Equipo de sinalización horizontal

Medios Auxiliares (1 Ud de cada):

- Herramientas varias

Clasificación do contratista:

Segundo o Artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esixencia e efectos da clasificación, para poder contratar coas Administracións Públicas contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros, é necesario estar clasificado como contratista de obras.

Para o cálculo do valor estimado, no caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadero segundo as súas estimacións, ademais da súa posible modificación ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advertinse expresamente desta posibilidade. Polo que no caso máis desfavorable.

- PEC: 49.752,45 €
- PEC sen IVE: 41.117,73 €
- Posible liquidación 10 %: 4.111,77 €
- Valor estimado total: 45.229,50 €

Polo que o Valor estimado total ascende a 45.229,50 € (<< 500.000 €). Aínda que este non é o caso para os efectos de que o empresario poida acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato, clasificarémolo no seguinte, **a efectos da acreditación da solvencia**, segundo o Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE núm. 213, do 5 de setembro de 2015).

A efectos da acreditación da solvencia, pódese indicar que a clasificación podería ser:

- GRUPO G: Viarios e pistas,
- SUBGRUPO 4 , firmes de mesturas bituminosas
- CATEGORIA 1, cando a cuantía do contrato sexa inferior ou igual a 150.000 euros.

Tipo contrato:

Para os efectos de contratación, considérase valor estimado segundo, a base impositiva, mais a posible liquidación (10 %), o valor estimado é 45.229,50 €, polo tanto ao tratarse dunha obra o procedemento pode ser aberto (puidendo aplicarse o artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de

novembro, de contratos do sector público, **procedimento aberto simplificado**), debendo prestarse especial atención á garantía dos principios legalmente establecidos de concorrência, e igualdade de trato para as distintas empresas.

Propónse un procedemento aberto con varios criterios de valoración.

Oferta económica. (Máx 80 ptos):

Valórase ata 80 puntos a oferta económica máis vantaxosa, e o resto asignaranse puntos proporcionalmente a baixa mediante unha regra de tres. (0 puntos ao prezo de licitación).

Reducción do prazo. (Máx 20 ptos):

A proposta de redución de prazos de execución expresarase en días naturais. No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

Valórase ata 20 puntos a empresa que oferte unha redución de prazo maior, e o resto asignaranse puntos proporcionalmente a baixa mediante unha regra de tres (0 puntos ao que non reduza prazo)

A redución de prazo será realista, se non está debidamente xustificada ou o prazo ofertado é irreal, non se valorará este punto.

De todos os xeitos deberá estar executado máis do 50 % da obra antes do 6 de setembro de 2019, co fin de poder xustificar a anualidade 2019 antes do 16 de setembro de 2019, polo que deberán comprometerse mediante un escrito a executar máis do 50 % da obra antes do 6 de setembro de 2019.

Autorizacións doutras Administracións

Segundo informe emitido polo Arquitecto Municipal de data 28 de maio de 2019, o proxecto cumpre coas determinacións da normativa de aplicación urbanística e dado que os traballos realizaranse sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, e que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal.

O que se informa para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, para que se proceda a iniciar os trámites da contratación coa maior brevidade posible.

Cartel de obra

O contratista terá a obrigaón de instalar, no entorno da obra e antes do inicio destas, un cartel de obra segundo as bases da subvención de referencia, para dar cumprimento o artigo 12 desta.

Xustificación da non división por lotes

O artigo 116.4.g) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establece que:

“4. No expediente de contratación xustificárase adecuadamente: (...) g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, de ser o caso.”

O artigo 99.3 do dito texto normativo establece que:

“3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberáse prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, e poderanse reservar lotes de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que se deberán xustificar debidamente no expediente, (...)”

Destacar que o primeiro tramo do camiño municipal 0091, na zona do Cabelo, realizouse unha pavimentación no ano 2018, concretamente no proxecto denominado “MELLORA DO CAMIÑO MUNICIPAL 0091 NO COBELO, PRAVIO”, inversión cofinanciada ao abeiro da resolución do 15 de decembro de 2017, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 (DOG 15/01/2018), nunha lonxitude de 700 ml aproximadamente. Propoñendo neste novo proxecto a pavimentación do tramo que falta duns 800 ml aproximadamente xa na zona do Pastel, camiño que quedará pavimentado na totalidade da súa lonxitude unha vez que se faga este tramo de 800 ml. Polo que non se prevé a división en lotes do contrato porque dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que unha eventual división en lotes pondría en risco a adecuada execución da obra nas diversas partes que a integran, e resultaría antieconómica, sendo, pola outra banda, unha obra de escasa cuantía que se centra nun só camiño.

O que se informa para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, para que se proceda a iniciar os trámites da contratación coa maior brevidade posible.



Cambre, maio de 2019
O enxeñeiro de camiños municipal

Asdo: Oscar Souto Muíño